



**Nota de prensa**

### **Aposta pola acción solidaria**

## **EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOAN 4.224 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO**

- **Máis de 3.782 toneladas corresponden a alimentos doados por EROSKI dentro do programa 'Desperdicio Cero', que garante que ningún alimento apto para o consumo se desbote nas tendas EROSKI senón que se lles doa a organizacións sociais**
- **As campañas de doazóns solidarias desenvolvidas no primeiro semestre a prol dos Bancos de Alimentos deron recadado unhas 442 toneladas de alimentos nos establecementos de EROSKI**
- **EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL**

**Elorrio, 6 de setembro de 2019.-** [EROSKI](#) e os seus clientes doaron máis de 4.224 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o primeiro semestre do 2019. A cifra equivale ao consumo de alimentos en 2.200 fogares ao longo do ano. Desta doazón, máis de 3.782 toneladas doounas EROSKI dentro do [programa 'Desperdicio Cero'](#), que garante que ningún elemento apto para o consumo se desbote nas tendas EROSKI senón que se lles doa a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda.

*"En EROSKI temos un compromiso coa sociedade no que a acción solidaria cos máis necesitados ocupa un lugar destacado e responsable en colaboración con diferentes organizacións sociais. Fomos pioneiros dentro do noso sector en España en alcanzar o desperdicio cero en toda a nosa rede de supermercados e hipermercados",* sinala o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Para desenvolver o programa 'Desperdicio Cero', EROSKI colabora coa [Federación Española de Bancos de Alimentos](#) (FESBAL). *"O programa Desperdicio Cero é un dos mellores exemplos de sustentabilidade na dilapidación alimentaria de proximidade. Estamos moi agradecidos a EROSKI de poder colaborar tantos anos xa neste compromiso contra o desperdicio de alimentos, que xunto a combater a fame no noso país, é un dos piares dos Bancos de Alimentos",* afirmou o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, Miguel Fernández.

A cooperativa desenvolveu un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



garante o mantemento axeitado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre as mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación que EROSKI retira dos seus lineais para cumprir o seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia, como pode ser un simple golpe ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. Todos os alimentos que doa EROSKI están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado.

#### **442 toneladas de alimentos recadadas en campañas de recollida**

Ás máis de 3.782 toneladas de alimentos doadas a través do programa 'Desperdicio Cero' súmanselles 442 toneladas recadadas a través das campañas de recollida, como a 'Operación Quilo' ou 'A Gran Recollida de Verán' celebradas no primeiro semestre do ano nos establecementos EROSKI, Caprabo e Vegalsa a prol de Bancos de Alimentos. *"Coma decote, dende EROSKI, quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores"*, indicou Alejandro Martínez Berriochoa.

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social.

A cooperativa foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que lles outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)